



Unha multitude de seareiros da "Zumba" acompañados por outro tanto de bañistas que gozaban nos areas de Lourido, participaron na multitudinaria [xornada solidaria co Centro Juan María](#).

O que era unha "master-class" rematou en festa rachada cos usuarios do centro como protagonistas da tarde.

A satisfacción era total tanto no Concello de Nigrán como na dirección do Juan María. "Máis co recadado, que importa, o mellor foi a receptividade da xente co centro e a proposta", salienta Mari Santos, directora do centro. "Eu tamén bailei" comentaba o alcalde Juan González consultado polo ambiente atopado na praia.

Durante a xornada vendéronse rifas á vontade para colaborar. Camisetas, sesións de ximnasia, clases de zumba e ducias de obsequios foron repartidos entre os asistentes. O evento contou ademais coa achega organizativa do persoal do centro, do Concello de Nigrán, do equipo de Toni Pilates e da colaboración de ximnasios e empresas da contorna.

"É importante que a xente saiba que existimos"

#Nigrán: Multitudinaria resposta no areal de Lourido á sesión de Zumba solidario co Centro Juan María.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 08 Agosto 2015 21:47

O Centro Juan María atende a un centenar de usuarios ao longo do ano. De 6 a 21 un anos cumpren coa tempada de escolarización. Os maiores concorren ao centro ocupacional (os de maior autonomía) e o centro de día onde reciben unha maior atención. Rematado o período escolar, próximo a 60 usuarios manteñen a relación co cetro durante o verán.

A directora do Juan María, Mari Santos, reitera a importancia da xornada: "É importante que a xente saiba que existimos, que estamos en Nigrán".

Ao longo da xornada de Zumba, achegouse material informativo a tal fin dende un posto montado a carón do escenario maior.